

## **IV CERTAME DE POESÍA TORRE DE CALDALOBA (CONCELLO DE COSPEITO)**

O Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino, convocan, en colaboración coa Xunta de Galicia e Culturalia GZ o IV CERTAME DE POESÍA TORRE DE CALDALOBA, co fin de poñer en valor este monumento histórico, promover a súa conservación e, asemade, fomentar a creatividade e estimular a creación poética.

### **BASES**

#### **PRIMEIRA**

Poderán concorrer ao certame todos os autores e autoras que o desexen, calquera que sexa a súa finalidade, sempre que presenten as súas obras en lingua galega.

#### **SEGUNDA**

Establécense as seguintes categorías:

1. Menores de 18 anos.
2. De 18 anos en diante

#### **TERCEIRA**

Establécense catro premios en función das categorías:

- Para a categoría 1:
  - 1.º premio- Un lote de libros e unha tablet
  - 2.º premio- Un lote de libros e un libro electrónico
- Para a categoría 2:
  - 1.º premio - 1.500 € máis a publicación da obra no prazo de un ano, contado a partir do fallo do xurado para poemarios que teñan unha extensión mínimo de 300 e máximo de 600 versos .



- 2.º premio - accésit a publicación da obra no prazo dun ano, contado a partir do fallo do xurado para poemarios que teñan unha extensión mínima de 300 e máximo de 600 versos

Así mesmo, os gañadores recibirán unha figura conmemorativa e un diploma.


Para o caso dos nenos e nenas menores de idade, para recibir o premio, o gañador/a estará acompañado polo seu pai, nai ou titor.

## **CUARTA**

1. Os poemas presentaranse escritos en lingua galega.
2. Terán unha extensión máxima de sesenta versos para menores de 18 anos.
3. Terán unha extensión mínima de trescentos versos e máxima de seiscentos versos para maiores de 18 anos.
3. Presentaranse escritos a ordenador, a dobre espazo, por unha soa cara, con tamaño de letra 12, tipo "Arial".
4. Deberán ser orixinais, inéditos e non premiados en ningún outro concurso ou certame literario. A súa temática, métrica e rima será libre.
5. Non poderán participar os gañadores das dúas últimas edicións do Certame de Poesía Torre de Caldaloba.
6. O incumprimento dalgunha destas condicións na obra premiada significaría a anulación da adxudicación, procedendo o xurado a formular de novo a proposta de adxudicación ou declarando deserto o premio.

## **QUINTA**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través da instancia xeral, dispoñible na sede electrónica do Concello de Cospeito



<https://concellodecospeito.sedelectronica.es>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no concello de Cospeito ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Cospeito.

Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

As persoas interesadas que opten pola presentación electrónica deberán formular a súa solicitude, mediante a presentación da instancia xeral, e presentarán a seguinte documentación en arquivos independentes:

O traballo. Este arquivo nomearase co lema da obra e o pseudónimo da persoa autora.

Unha copia do libro de familia onde consten os datos de nome, apelidos e idade do/a menor que se presenta ao concurso.( Cando se presenten Categoría 1, menores de 18 anos)

No caso de que se opte pola presentación presencial, á solicitude, deberá presentarse a seguinte documentación:

Un sobre tamaño folio, pechado, coa seguinte inscrición: IV Certame de Poesía Torre de Caldaloba, acompañado do pseudónimo e o lema da obra. Este sobre incluírá o texto da obra en folio formato A4.

Un sobre pechado no que figurará o lema que distinga traballo, e no que no seu interior irá o nome e apelidos do autor/a, DNI, enderezo, teléfono, poboación de residencia.

Unha copia do libro de familia onde consten os datos de nome, apelidos e idade do/a menor que se presenta ao concurso. (Cando se presenten Categoría 1, menores de 18 anos)

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.



A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Co obxecto de garantir o anonimato das persoas que redacten as obras, tanto na presentación presencial como na electrónica cumpriranse as seguintes exixencias:

- Na cabeceira da obra indicárase exclusivamente o lema da obra presentada e o pseudónimo.
- Neste texto non poderá figurar ningún dato que permita identificar a persoa participante e romper o anonimato.

O xurado poderá eliminar por defecto de forma as obras presentadas que non se axusten ao disposto nesta base, unha vez requirida a documentación que falte e dado o preceptivo prazo de dez días para a corrección de erros (art. 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

Non deben por os datos do remitente no pdf da obra a presentar, senón os traballos serán nulos.

O prazo de entrega das obras remata o 24 de setembro de 2021 as 23:59 horas.

## **SEXTA**

De acordo coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos dos participantes serán tratados de forma confidencial co fin de garantir e protexer



as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, a súa honra e intimidade persoal e familiar.

## **SÉPTIMA**

Os/as autores/as premiados/as convocaranse ao acto de entrega dos premios o 6 de novembro de 2021.

## **OITAVA**

Formaran parte do tribunal con voz pero sen voto os seguintes, o Presidente do tribunal: Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito, o Secretario do tribunal: o administrador de Culturalia GZ, os vogais do tribunal, a Concelleira de educación e cultura do Concello de Cospeito , a Presidenta da Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino, a Secretaria da Asociación Recreativa Cultural San Martiño de Pino ou persoas en quen deleguen. O fallo será dado a coñecer con data 29 de outubro de 2021 a través dos medios de difusión e comunicado ás persoas gañadoras, entregando os premios nun acto convocado a tal fin con data 6 de novembro de 2021.

O xurado con voto encargado de avaliar os traballos presentados estará composto por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario, a súa composición será dada a coñecer xunto ca emisión do resultado. O xurado poderá declarar desertos algún ou todos os premios motivando para elo a súa resolución (art. 35 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

## **NOVENA**

As obras orixinais quedarán en poder do Concello de Cospeito que se reserva os dereitos de explotación do traballo, produción, distribución, exposición, transformación, tradución ou calquer outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.

As obras non premiadas poderán ser devoltas no prazo dun mes despois da proclamación das persoas premiadas. De non ser así, serán destruídas.



## DÉCIMA

Os concursantes, polo feito da súa participación, aceptan en todos os seus termos as presentes bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo tribunal.

